

EXTRACTO DOS ACORDOS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE ABRIL DE 2015.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- LICENZAS DE OBRA.

1.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA**, para renovación de cuberta da Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Vilatuxe, Vilatuxe, Lalín.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS**, para a construción dun muro de peche na parcela sita preto do paraxe do Pozo Negro, na parroquia de Catasós - Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 06/04/15 por importe de de **61,44 euros** en concepto de ICIO.



3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE.

3.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE**, respecto da actividade de **Café-Bar** sito na rúa **Pintor Laxeiro, nº12, baixo A, Lalín.**

4.- INFORME URBANÍSTICO.

4.1.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico municipal, de data 31 de marzo de 2015 sobre información urbanística relativa á parcela con referencia catastral rústica polígono 222 e parcela 299, sita no lugar do Regueiriño-Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal, de data 18/03/15, en concepto de taxa por expedición de informe urbanístico por importe de **100 euros.**

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse conceder á empresa **GARCIA FORESTAL S.L.**, adxudicataria do procedemento de contratación administrativa denominado **“SUBMINISTRO DE PELLETS PARA LAS CALDERAS DE BIOMASA DE LA PISCINA MUNICIPAL”** unha prórroga do contrato por un ano máis, dende o día 11 de abril de 2015 ata o día 10 de abril de 2016.

6.- EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

6.1.- Acordouse **desestimar a reclamación por responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín presentada por GENERALI ESPAÑA SEGUROS Y REASEGUROS S.A.**, como empresa aseguradora da actividade desenvolvida no local comercial sito na rúa Xoaquín Loriga, núm. 4, Lalín, polos danos ocasionados por unha inundación completa da planta soto do local ocorrida o día 21 de xullo de 2013, presuntamente como consecuencia da rotura da tubaría xeral de abastecemento de auga, sinalando que, en todo caso, a responsabilidade, de habela, correspondería a accións ou omisións imputables á empresa Espina y Delfin, S.L., concesionaria da xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Lalín.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **18.520,27** €.



8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse comunicarlle o Sr. Presidente da Xunta Electoral de Zona de Lalín que os locais e lugares que se reservan para a realización gratuíta de actos de campaña electoral para as Eleccións Municipais do 24 de maio de 2015 e de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral.

8.2.- Acordouse comunicarlle ao Sr. Presidente da Xunta Electoral de Zona de Lalín que os lugares dispoñibles para a colocación gratuíta de carteis, pancartas e bandeirolas, quedando prohibida a colocación de calquera tipo de propaganda electoral en todo o mobiliario municipal, especialmente nas farolas do alumeadado público, papeleiras, bancos, contenedores e marquesiñas do bus escolar.

8.3.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe de **100,00 euros**.

8.4.- Acordouse aprobar a concesión de tres axudas de inclusión social para sufragar gastos derivados do uso de vivenda, unha por importe de **31,60 €**; unha segunda por importe de **122,70 euros**; e unha terceira por importe de **98,41 euros**.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Acordouse conceder autorización municipal a Compromiso por Galicia para o uso do Local Social de Prado para levar a cabo unha xuntanza veciñal o día 12 de abril de 2015, ás 11 horas.

9.2.- Acordouse a autorizar a celebración da **IIIª RUTA DE REGULARIDAD DE VEHÍCULOS HISTÓRICOS VILLA DE LALÍN**, organizada pola Escudería de Clásicos o Toxo.

9.3.- Acordouse remitir á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o escrito presentado por D. **D. Antonio Presas García** no que se solicita a catalogación da mámoa situada no Monte de Mamosa entre as aldeas lalinenses de A Cabreira (Catasós) e Rodelas (Maceira) así como das que se atopen ao longo do cordal de entre as citadas aldea, catalogación que deberán ser no PXOM de Lalín, previa comprobación.

=====

